




ÁRBORES DA CABANA VELLA

Adela Leiro, Mon Daporta
abril 2015



Distancia: 14 km + desvíos

Dificultade: alta

Duración: 5 a 8 horas

Unha camiñada para achegarse e coñecer unha das fermosas e impresionantes fragas dos Ancares. Na que podemos gozar, durante o achegamento, de amplas panorámicas da magnitude do bosque e da paisaxe enmarcada entre os cumes de Tres Bispos e a Penarrubia; e, ao entrar nela, da magnificencia das árbores que iremos descubrindo e recoñecendo a medida que camiñamos: as abeleiras, bidueiros e salgueiros nas zonas húmidas, os acivros nas sombrizas cos teixos nas partes máis altas, e os carballos entre os que aquí e acolá se ergue un toro ou unhas ponlas que delatan a presenza dun exemplar que merece unha visita (dous dos carballos están incluídos no Catálogo de Árbores Senlleiras de Galiza); ao tempo que imos ollando as especies do sotobosque: estacionais, que son diferentes en cada época pero máis abundantes e variadas na primavera (narcisos, anémonas, cáncaros, dentes de can, margaridas, fentos...) e permanentes (trovisco macho, baladre, framboeseiro...).

Pódese facer en calquera época do ano, pero para localizar e apreciar as grandes árbores é mellor facela cando estean sen follas.

COMO CHEGAR

O percorrido pódese facer de tres maneiras: dúas rutas circulares (14 km) unha seguindo a pista que leva ao pé de Tres Bispos e coller alí o carreiro que, case polo linde entre a carballeira e o mato de uces, nos leva á Golada da Vara na que empezamos o camiño de volta e a visita á fraga; outra baixando e subindo pola fraga ata chegar á Golada da Vara e coller alí o carreiro que nos leva á pista de Tres Bispos e facer o camiño de volta en baixada; e unha terceira lineal (13 km ida e volta) baixando á Cabana Vella para subir logo ata a Golada da Vara, coa volta polo mesmo camiño. Esta terceira opción con fortes subidas e baixadas permítenos pasar dúas veces polos mesmos sitios e descubrir cousas que nos pasaron desapercibidas no primeiro paso ou apreciar os cambios que produce no bosque o efecto das luces e as sombras. A isto hai que engadirlle os desvíos, sempre en forte subida e baixada, que fagamos para achegarnos ás árbores máis senlleiras.




Narcissus pseudonarcisus



Froitos de acivro



Acibeiral na zona sombriza da fraga da Cabana Vella



Panorámica da fraga, no centro o val do rego da Vara



Carballo 14 (4,60 m de perímetro)



Carballo 16



Carballo 17 (4,45 m de perímetro)



Carballo 18 (4,60 m de perímetro)



Carballo 19



Carballo 13 (5,40 m de perímetro)



Carballo 7 (4,40 m de perímetro)




Carballo 11 (4,50 m de perímetro)




Teixo 2 (2,50 m de perímetro)



Teixo 1 (2,80 m de perímetro)



Carballo 8 (3,50 m de perímetro)



Pradairo (4,10 m de perímetro)



Carballo 9 (4,40 m de perímetro)



Carballo 4 (4,40 m de perímetro)



Carballo 5 (5,10 m de perímetro)



Carballo 6 (4,50 m de perímetro)



Carballo 1 (4,20 m de perímetro)



Carballo 2 (4,70 m de perímetro)



Carballo 3 (4,15 m de perímetro)



Carballo 10 (4,20m de perímetro)



Carballo 12